

## ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL NO CONCELLO DE PANTÓN.

A Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio emitiu unha orde para que as entidades locais elaboren Estratexias de Sustentabilidade Ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas.

Dita estratexia esta cofinanciada con fondos europeos de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco operativo Feder Galicia 2014-2020.

O concello de Pantón está a elaborar a súa Estratexia de Sustentabilidade Ambiental para contribuír a mellorar o seu comportamento fronte o cambio climático, con base no estado ambiental actual. A estratexia está relacionada, principalmente, coa redución dos gases de efecto invernadoiro e a adaptación aos efectos adversos do cambio climático

**A escala local os residuos e a enerxía van a representar un elevado porcentaxe do total das emisións de GEI**, polo que dentro da xestión municipal poderían proporse medidas de adaptación ao cambio climático no campo da **XESTIÓN DE RESIDUOS** facendo especial fincapé a aquelas fraccións con maior contribución ás emisións, e tamén no campo da **ENERXÍA**, a través de medidas de ahorro e eficiencia enerxética, as cales ademais dun efecto directo, teñen sobre todo un efecto indirecto, multiplicador pola súa capacidade de demostración exemplo para orientar aos cidadáns e os axentes do municipio.

# “ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL PARA CONTRIBUÍR Á ADAPTACION AO CAMBIO CLIMATICO NO MUNICIPIO DE PANTÓN NO ÁMBITO DA ENERXÍA E DOS RESIDUOS

OT 5. “Frear o cambio climático”

*Proxecto cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
“Unha maneira de facer Europa”

